



SESION ORDINARIA DE 27 DE XANEIRO DE 2026

Presidenta:

D^a. María del Carmen López Moreno

Sres/as Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Daniel García Fernández
D. Antonio Ameijide Osorio
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a Iria Castro Fernández
D. Carlos López López
D. Javier Varela Pérez
D. Armando Castosa Alvariño.
D^a. María Sol Morandeira Morandeira
D. Francisco Cajoto Caserío
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José María Fernández Vázquez
D. Clemente Iglesias González
D. Luis Fernández Guitián
D. Héctor Manuel Corujo González
D. José Tomé Roca

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinde e sete de xaneiro de dous mil vinte e seis**, baixo a Presidencia da titular do cargo Ilma. Sra. D^a. María del Carmen López Moreno, reúnense as señoras e señores deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de secretario o da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

	IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Fecha y Hora	04/02/2026 14:23:19	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Página	1/26	

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA E EXTRAORDINARIA CELEBRADAS O DÍA TRINTA DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO E A ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA CATORCE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

A Sra. Presidenta pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o día trinta de decembro de dous mil vinte e cinco e a acta da sesión extraordinaria celebrada o día catorce de xaneiro de dous mil vinte e seis, e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260127&punto=1>

PARTE RESOLUTIVA

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN SE PROCEDE DA CONTINUACIÓN E FINALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS EN CURSO DA EXECUCIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE A PONTENOVA PARA A EXECUCIÓN DOS FINS COMÚNS CONSISTENTES EN: ADQUISICIÓN DE TERREOS E CONSTRUCCIÓN DE COMPLEXO RESIDENCIAL PARA PERSOAS MAIORES NO CONCELLO DE A PONTENOVA.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta do Sr. Deputado da Área de Promoción Económica e Social que textualmente di:

“Pablo Rivera Capón, en calidade de deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, expón en relación ao asunto de referencia o seguinte:

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria realizada o 02.02.2018, acordou por unanimidade aprobar o texto do Convenio Interadministrativo a subscribir entre esta Excm. Deputación Provincial e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes en: “Adquisición de terreos e construción de complexo residencial para persoas maiores nese municipio”, formalizando entres as partes o Convenio interadministrativo a subscribir entre esta Deputación Provincial e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (residencia e centro de día) no municipio de A Pontenova, este documento foi formalizado o 21.02.2018.

	IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Fecha y Hora	04/02/2026 14:23:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Página	2/26





O convenio recolle na súa cláusula novena unha Comisión de Seguimento, tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 do outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Así para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, seguimento, vixilancia e control establecece unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial. Estes membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015.

Derivado dun desvío no orzamento inicial do proxecto, e previos trámites administrativos, a Xunta de Goberno o 24.05.2019 deu aprobación á I Addenda ao Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes en: adquisición de terreos e construción de complexo residencial para persoas maiores no Concello de A Pontenova, sendo formalizada entre as partes o 31.05.2019.

O 28.12.2021 o Pleno da Deputación de Lugo acordou dar aprobación ao texto da 2ª Addenda do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes en: adquisición de terreos e construción de complexo residencial para persoas maiores no Concello de A Pontenova, na cal recóllese as modificacións das cláusulas terceira, sexta e sétima, no relativo a prazo de execución e vixencia, establecendo a vixencia do Convenio en 8 anos a contar dende a súa formalización, aínda que con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2018, en base ao establecido no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Esta Addenda foi formalizada entre as partes o 26.01.2022.

O 27.07.2022 dende o servizo de Arquitectura trasladouse a Benestar Social no informe co CSV IV7DFWICPFP3JT6M6R4MP4AHG4 a necesidade de modificar o convenio que nos ocupa, en concreto o seu importe incrementando para facer fronte aos gastos necesarios para contratar a dirección de execución de obra, para o cal deuse trámite á aprobación por parte do Pleno do texto da 3ª Addenda do vixente Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes en: adquisición de terreos e construción de complexo residencial para persoas maiores no Concello da Pontenova, sendo finalmente aprobado o texto en sesión realizada o 27.09.2022 e formalizada entre as partes o 31.10.2022.

	IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Fecha y Hora	04/02/2026 14:23:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Página	3/26



O 16.01.2026 realizouse unha reunión da Comisión Mixta de Seguimento do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello da Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes en: adquisición de terreos e construción de complexo residencial para persoas maiores no Concello da Pontenova. Na acta da reunión consta que considerando que o obxecto do Convenio é a construción dun complexo residencial para persoas maiores do Concello de A Pontenova e que as obras estímense que constarán de xeito definitivo rematadas en menos dun ano de prazo dende que se reinicien as mesmas, e tendo en conta que o reinicio das obras están condicionadas por decisións de terceiros, incluídos outras administracións, alleas á Deputación de Lugo, considérase que é preciso propoñer/acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable, sendo este o de maior seguridade xurídica, establecendo 4 anos máis.

Así propón a Comisión de seguimento, vixilancia e control do convenio, acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable de catro anos para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas nos termos establecidos, prazo improrrogable que poderá ser suspendido, a efectos de cómputo de prazo, cando para no procedemento sexa indispensable a obtención dun previo pronunciamento por terceiros, desde o momento en que se solicita, ou en calquera das outras causas reguladas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así, e tendo en conta a proposta da Comisión de seguimento, vixilancia e control do Convenio interadministrativo a subscribir entre esta Deputación Provincial e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (residencia e centro de día) no municipio de A Pontenova formalizado o 21.02.2018 polas partes, así como, os informes emitidos por parte do servizo de Benestar Social e Igualdade, Servizo de Contratación e Fomento e o Servizo de Intervención da Deputación de Lugo, o Pleno da Deputación acorde:

A continuación e finalización das actuacións en curso que se consideren oportunas para dar cumprimento ao obxecto do Convenio interadministrativo entre esta Deputación Provincial e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (residencia e centro de día) no municipio de A Pontenova, establecendo un prazo improrrogable de catro anos para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas nos termos establecidos, prazo improrrogable que poderá ser suspendido, a efectos de cómputo de prazo, cando para no procedemento sexa indispensable a obtención dun previo pronunciamento por terceiros, desde o

	IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Fecha y Hora	04/02/2026 14:23:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Página	4/26





momento en que se solicita, ou en calquera das outras causas reguladas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. Armando Castosa Alvariño, D. Héctor Manuel Corujo González e D. José Demetrio Salgueiro Rapa, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260127&punto=2>

--oo0oo--

3.- PROPOSTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA UN PLAN DE CHOQUE PARA INCREMENTAR A DOTACIÓN ORZAMENTARIA DO SERVIZO DE ATENCIÓN NO FOGAR.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta de goberno a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e a Deputada Provincial Dona Iria Castro Fernández, na súa condición de voceira do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte proposta de Goberno da Deputación de Lugo para reclamar á Xunta de Galicia un plan de choque para incrementar a dotación orzamentaria do servizo de atención no fogar.

A taxa de envellecemento da poboación, a falla de prazas de residencias públicas e a perda de poboación do rural son algúns dos factores que, nos últimos anos, contribuíron a incrementar a demanda do Servicio de Atención no Fogar. A situación de dependencia, agravada moitas veces por unha soidade non desexada, fai que moitos dos nosos maiores dependan dese servizo para poder manter un mínimo de autonomía nos seus fogares, ca dignidade adecuada nesta etapa das súas vidas.

	IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Fecha y Hora	04/02/2026 14:23:19	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Página	5/26	

A demanda deste servizo incrementouse de xeito moi elevado dende a pegada do covid, unha pandemia cun impacto que aínda non foi debidamente analizada e estudado polas autoridades autonómicas para reorientar aspectos cruciais dos servizos sociais e sanitarios para adaptalos as novas necesidades.

Do resultado deste incremento, moitos concellos da nosa provincias adican arredor do 25% do seu orzamento a garantir a prestación deste servizo aos veciños e veciñas que o demandan. Practicamente, a totalidade do capítulo de gasto de moitos concellos queda esgotado na cobertura dun servizo que a Xunta insiste en infradotar, a pesares das reiteradas demandas dos concellos e a insistente petición da FEGAMP de que eleve a súa achega.

O custo medio por hora da prestación do SAF sitúase, en prezo de mercado, entre os 22 e os 26 euros, mentres a Xunta insiste e pagar aos concellos só 12 euros, ofertando un incremento mínimo para os vindeiros anos. Un incremento totalmente insuficiente, porque a evolución da pirámide de poboación e o incremento dos prezos de mercado farán medrar a demanda de solicitantes e o custo real da prestación.

Desde o goberno da Deputación consideramos os servizos sociais un eixo fundamental para a nosa provincia. A atención aos maiores, en residencias públicas e no fogar, non é só un dereito individual, é unha ferramenta clave para loitar contra a despoboación do rural. Por iso presentamos ante o Pleno da Deputación Provincial de Lugo para o seu debate e aprobación esta Moción para reclamar á Xunta de Galicia que escoite as demandas dos concellos e da FEGAMP acerca do impacto do SAF nas facendas locais e presente un plan de choque para garantir:

A prestación universal do servizo a todos os veciños e veciñas que o demandan, no prazo estipulado pola lei, e con independencia do concello no que residan.

A capacidade orzamentaria dos concellos, de xeito que a cobertura do SAF non ameace con colapsar calquera outra actividade ou investimento.

Que a achega da Xunta sexa, como mínimo, o que reclaman os concellos a través da FEGAMP na derradeira quenda de negociacións.

Que a Xunta renunciará á política de impoñer sancións ós concellos por supostas irregularidades na prestación do SAF, substituíndo a política sancionadora por accións específicas de axuda a concellos con necesidades especialmente urxentes."

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. Armando Castosa Alvareño, D. Héctor Manuel Corujo González e D. José Demetrio Salgueiro Rapa, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda

	IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Fecha y Hora	04/02/2026 14:23:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Página	6/26





ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a proposta de goberno presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260127&punto=3>

4º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA NA DEFENSA DOS GANDEIROS LUCENSES ANTE O ACORDO UE-MERCOSUR.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista na defensa dos gandeiros lucenses ante o acordo UE-MERCOSUR.

O acordo comercial entre a Unión Europea e os países de Mercosur abre un novo escenario para o sector gandeiro que debe ser abordado con rigor, responsabilidade e firmeza política desde todas as institucións. A súa implementación, condicionada á ratificación do acordo polo Parlamento Europeo, xerará un impacto directo sobre a gandería galega e o sector agroalimentario.

Galicia, e de xeito singular a provincia de Lugo, como territorio cunha forte dependencia do sector primario, terá que facer fronte aos desafíos que este acordo introduce, especialmente no tocante ao equilibrio do mercado, á competencia desleal e á protección dos estándares de produción. A apertura comercial debe ir acompañada de garantías efectivas que protexan os gandeiros fronte a produtos importados que poidan non cumprir os mesmos requisitos sanitarios, ambientais e de benestar animal que se esixen na Unión Europea.

Os datos oficiais da Comisión Europea mostran que, aínda que o volume de importacións cárnicas autorizado polo acordo representa unha porcentaxe reducida da produción comunitaria —1,5 % no vacún, 1,3 % nas aves e un 0,1 % no porcino—,

	IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Fecha y Hora	04/02/2026 14:23:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Página	7/26



unha aplicación desequilibrada e sen os controis necesarios pode ter efectos moi negativos na renda das explotacións gandeiras.

As principais centrais sindicais xa alertaron da importancia de activar mecanismos de salvagarda efectivos, mellorar os controis fronteirizos e garantir unha reciprocidade real nos estándares de produción. Ademais, é fundamental reforzar a demanda interna a través da promoción da carne galega e a diferenciación por calidade, orixe e sustentabilidade.

O Grupo Provincial Socialista considera a defensa do sector primario en xeral e a protección do sector gandeiro da nosa provincia como unha prioridade. Por iso, propoñemos que esta Deputación inste á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a implementar as seguintes medidas, co obxectivo de garantir unha aplicación responsable do acordo UE-Mercosur e minimizar os seus impactos negativos no sector gandeiro galego:

Reforzar os controis fronteirizos e garantir o cumprimento dos estándares europeos:

- Reforzar mecanismos efectivos de verificación e auditoría para evitar a entrada no mercado europeo de produtos que non cumpran cos estándares sanitarios, ambientais e de benestar animal esixidos na UE.
- Aplicar sancións contundentes contra calquera incumprimento detectado por parte dos importadores.

Activar cláusulas de salvagarda de forma áxil e efectiva:

- Definir indicadores obxectivos e públicos, pactados co sector, para detectar e impedir perturbacións do mercado (prezos, volumes, evolución do mercado).
- Comprometerse a suspender as preferencias arancelarias se se producen danos para as explotacións gandeiras.

Promover a diferenciación da carne galega:

- Impulsar denominacións de orixe, indicacións xeográficas e selos de calidade como ferramentas para potenciar a competitividade da carne galega fronte a produtos importados.
- Fomentar campañas de promoción do consumo de carne galega baseadas en calidade, trazabilidade, benestar animal e sustentabilidade.

	IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Fecha y Hora	04/02/2026 14:23:19	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Página	8/26	



- Integrar a carne galega nas compras públicas alimentarias, como comedores escolares, hospitais e residencias, para estabilizar a demanda.

Establecer medidas específicas de apoio ao sector gandeiro galego:

- Activar ferramentas de estabilización de mercado e apoio temporal á renda no caso de caídas bruscas dos prezos ou perturbacións nos mercados.
- Reforzar o papel negociador das organizacións de produtores na cadea alimentaria.
- Fomentar modelos de produción ligados ao territorio, á calidade e á sustentabilidade, recoñecendo a súa función económica, social e ambiental.

Apoiar unha estratexia de autosuficiencia alimentaria:

- Incrementar a Superficie Agraria Útil en Galicia para reducir a dependencia das importacións e avanzar cara a unha maior autonomía alimentaria.
- Garantir mercados estables de subministración que eviten a volatilidade dos prezos e as alzas nos custos de produción.

Demandar unha PAC forte e reforzada:

- Reclamar que a Política Agraria Común manteña os seus apoios á renda, á xestión de crises e á compensación polas esixencias crecentes que a propia UE impón ao sector primario."

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. Armando Castosa Alvariño, D. Héctor Manuel Corujo González e D. José Demetrio Salgueiro Rapa, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede."

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 10 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e polo señor deputado non adscrito); votos en contra, 3 (emitidos polos señores/as deputados/as do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (emitidas polos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

	IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Fecha y Hora	04/02/2026 14:23:19	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Página	9/26	

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260127&punto=4>

5º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG RELATIVA ÁS CONSECUENCIAS PARA A FROTA ARTESANAL GALEGA DA ENTRADA EN VIGOR DO REGULAMENTO DE CONTROL DA PESCA DA UNIÓN EUROPEA.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“A Deputada Provincial, D^a. Iria Castro Fernández, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial do BNG relativa ás consecuencias para a frota artesanal galega da entrada en vigor do regulamento de control da pesca da Unión Europea.

Exposición de motivos

O Regulamento de Control da Pesca da Unión Europea, identificado como Regulamento (UE) 2023/2842, foi aprobado definitivamente o 22 de novembro de 2023 e entrou en vigor o 9 de xaneiro de 2024, aplicándose de maneira progresiva desde esa data. Trátase dunha normativa que foi fortemente cuestionada polo sector pesqueiro galego, especialmente pola frota artesanal, ao non ter en conta as características específicas deste tipo de pesca.

O rexeitamento do sector materializouse en numerosas mobilizacións e protestas, así como no consenso acadado no Parlamento Galego, onde se aprobaron por unanimidade distintas iniciativas, entre elas varias a proposta do Grupo Parlamentario do BNG, reclamando unha adaptación desta normativa á realidade da frota de baixura.

O pasado luns 19 de xaneiro o sector mobilizouse en todo o país e tamén na comarca de A Mariña, concentrándose en Celeiro e Burela, en protesta por este lesivo e inxusto regulamento, acompañando as lexítimas reivindicacións dos nosos mariñeiros e mariñeiras.

A frota artesanal galega, e concretamente a frota mariñá, leva anos demandando un tratamento diferenciado, atendendo á singularidade da súa actividade, ao seu carácter respectuoso co medio mariño e á súa importancia económica, social e

	IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Fecha y Hora	04/02/2026 14:23:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Página	10/26





territorial nas vilas costeiras, onde contribúe de maneira decisiva á fixación de poboación, á xeración de emprego e á dinamización económica local.

Estas especificidades non foron tidas en conta á hora de aplicar unha normativa excesivamente ríxida e desproporcionada, que incrementa a carga burocrática dun sector xa fortemente regulado. A introdución de novas obrigas materiais, como o diario electrónico, supón custos económicos adicionais e dificulta gravemente o desenvolvemento da actividade pesqueira habitual da frota artesanal.

Este problema da nosa frota non é novo, pois xa no 2022, o propio sector alertaba da situación que se anticipaba coa aprobación deste regulamento que daquela calculábase que a UE o aprobase a finais de 2023, como así foi, e entrando en vigor o 9 de xaneiro de 2024.

Dende o comezo das demandas sectoriais, o BNG tivo unha interlocución continua en múltiples reunións con representantes dos concellos afectados e da Consellería do Mar, como a celebrada en Foz o 29 de xaneiro de 2022, con toda a frota artesanal da Mariña, reunión na que tamén o sector trasladou outros temas que lle afectaban e seguen afectando gravemente como as cotas de pesca, o relevo xeracional, as titulacións, a formación pesqueira, a supresión de axudas ao combustible e a eólica mariña entre outras.

A respecto da eólica mariña, o sector mobilizouse tamén concentrándose en Burela o 6 de abril de 2024, onde acudiron a maioría de confrarías do Cantábrico en apoio do Manifesto de Burela en contra dos parques eólicos mariños, e onde o grupo provincial do BNG en Lugo tamén estivo presente.

O Regulamento establece a obriga de instalar cámaras a bordo en todos os buques de máis de 18 metros de eslora considerados “susceptibles de cometer incumplimentos”, sen definir con claridade este concepto, xerando unha situación de incerteza xeneralizada. Ademais, deixa ao criterio dos Estados membros a posibilidade de ampliar esta obriga a embarcacións de menor eslora.

Así mesmo, xeneralízase o uso do diario electrónico a partir de 2026 para buques de máis de 12 metros de eslora e, a partir de 2.030, para embarcacións de menos de 9 metros, segmento no que se atopa a maior parte da frota artesanal galega.

A partir de 2027 tamén se prevé a introdución de dispositivos de control da potencia dos motores, malia que a potencia non incrementa a capacidade de pesca, xa limitada por TACs e cotas.

	IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Fecha y Hora	04/02/2026 14:23:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Página	11/26



A normativa modifica e endurece o réxime de infraccións e sancións, xerando unha enorme preocupación no sector, especialmente pola incidencia directa das sancións no acceso ás axudas do FEMPA durante un período de cinco anos, mesmo con efectos retroactivos.

As Federacións de Confrarías denunciaron reiteradamente que non se tiveron en conta as peculiaridades das distintas artes nin dos distintos territorios, nin se habilitaron os apoios necesarios para adaptarse ás novas esixencias.

Desde o pasado 10 de xaneiro de 2026 entraron en vigor medidas que afectan de cheo á frota artesanal galega, como a obriga de notificación previa de entrada a porto para embarcacións de máis de 12 metros de eslora, cun prazo mínimo de catro horas, que o Ministerio de Pesca pretende reducir a dúas horas e media. Esta medida non se adapta á realidade da pesca de baixura, que faena preto da costa, con mareas curtas e condicionadas polas condicións meteorolóxicas.

Tamén entrou en vigor a obrigatoriedade do diario electrónico para buques de máis de 12 metros de eslora, esixindo o rexistro de todas as capturas, independentemente do seu peso, unha obriga de difícil cumprimento para moitas embarcacións que carecen de sistemas de pesada a bordo e dos medios técnicos necesarios para cumprir coas esixencias de precisión establecidas.

Desde comezos de ano, o sector pesqueiro galego está a manifestar o seu rexeitamento mediante concentracións, manifestacións e amarres de flota en distintas vilas costeiras, especialmente nas rías de Arousa e de Pontevedra.

As confrarías coinciden en sinalar que estas normas están deseñadas para grandes buques e non para a realidade da frota artesanal, cunha tripulación reducida na que os propios patróns desempeñan tamén tarefas de pesca, facendo inviábel asumir unha carga burocrática tan elevada.

O propio Regulamento prevé a posibilidade de adaptación á realidade das distintas frotas, polo que resulta imprescindible que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación adopte criterios flexíbeis e realistas, estableza un diálogo efectivo co sector e teña en conta as súas demandas.

Por outra banda, a Xunta de Galiza ten competencias en augas interiores que debe exercer, podendo desenvolver plans de xestión específicos para a frota artesanal, así como artellar axudas que contribúan á súa posta en valor e á xestión sostíbel dos recursos mariños.

	IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Fecha y Hora	04/02/2026 14:23:19	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Página	12/26	



Por todo isto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes

Acordos

1.- Instar á Xunta de Galiza a exercer e defender as súas competencias exclusivas en materia de augas interiores, desenvolvendo normas propias de control adaptadas á realidade da frota artesanal galega.

2.- Instar ao Goberno do Estado a que negocie coa Comisión Europea os seguintes aspectos:

- A exclusión da frota artesanal do ámbito de aplicación do Regulamento de Control da Pesca.
 - A flexibilización e adaptación das medidas que entraron en vigor o pasado 10 de xaneiro ás características específicas da frota artesanal galega, mentres esta exclusión non sexa efectiva.
 - A aprobación inmediata dunha moratoria na aplicación destas normas, abrindo un proceso de diálogo co sector para acordar solucións realistas, entre elas:
 - A implantación dun sistema simplificado de pesada para capturas de pequeno volume, recuperando o sistema vixente ata o de agora para capturas inferiores aos 50 quilogramos.
 - A redución da carga burocrática derivada do diario electrónico.
 - A busca dunha alternativa realista á obriga de notificación previa de entrada a porto, reducindo ou eliminando a esixencia das dúas horas e media de antelación.

3.- Instar ao Goberno do Estado á eliminación da retroactividade nas sancións asociadas ao Regulamento, evitando que estas impidan o acceso ás axudas do FEMPA.

4.- Instar ás institucións competentes a incluír na vindeira revisión da Política Pesqueira Común da Unión Europea unha diferenciación clara entre pesca artesanal e pesca industrial, atendendo non só á eslora dos buques, senón tamén a criterios como a distancia aos caladoiros, a duración das mareas, o uso de artes sostíbeis ou o número máximo de tripulantes.”

	IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Fecha y Hora	04/02/2026 14:23:19	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Página	13/26	

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. Armando Castosa Alvariño, D. Héctor Manuel Corujo González e D. José Demetrio Salgueiro Rapa, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260127&punto=5>

6º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG DE REXEITAMENTO DO ACORDO UE-MERCOSUR E DE APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DO SECTOR AGROGANDEIRO GALEGO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“A Deputada Provincial, D^a. Iria Castro Fernández, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial do BNG de rexeitamento do acordo UE-MERCOSUR e de apoio ás reivindicacións do sector agrogandeiro galego.

Exposición de motivos

Dende o grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego en Lugo denunciámos a perda de rumbo no temón do goberno do PP ao fronte da Xunta, que ven sometendo a Galiza nos últimos anos pola súa patente incapacidade para asumir os retos presentes e futuros do noso medio rural.

Tras o anuncio político do peche do Acordo UE-Mercosur do 6 de decembro de 2024, o pasado sábado 17 de xaneiro de 2026 asinábase en Asunción (Paraguai) o Acordo comercial entre a Unión Europea e os países do Mercosur (Arxentina, Brasil, Uruguai e Paraguai) que supón unha traizón e unha capitulación dos intereses do sector primario galego fronte a outros sectores con máis peso noutras rexións europeas como a industria automobilística.

	IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Fecha y Hora	04/02/2026 14:23:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Página	14/26





Como non podía ser doutro xeito, este Acordo está a causar unha fonda preocupación entre os nosos gandeiros e gandeiras, polas graves repercusións derivadas da entrada de produtos agrarios procedentes de América do Sur e que afectará especialmente ao sector da gandería extensiva de produción de carne e derivados en Galiza.

Segundo as cifras publicadas, o Acordo implicará a entrada de 99.000 Tm. de carne de vacún, 180.000 Tm de carne da avicultura e 45.000 Tm de mel anuais con orixe nos países do Mercosur, pero libres de aranceis.

En Galiza prodúcese anualmente 95.600 Tm de carne de vacún, das cales 23.000 Tm están amparadas pola indicación xeográfica I.X.P. “Ternera Gallega”, 215.000 Tm de carne procedente da avicultura e 2.700 Tm de mel.

Se comparamos coa produción galega, este acordo abre as portas a unha entrada dun volume de carne na UE similar a produción anual de Galiza; co agravante da non obriga de cumprir os requisitos en materia sanitaria, ambiental e laboral da UE, o que entraña unha flagrante competencia desleal.

No caso do mel, este supón case o dobre da produción total de todo o Estado Español, que produciu 27.400 Tm na última anualidade. O acordo permitirá, polo tanto, a entrada dun enorme volume de produtos procedentes do outro lado do océano Atlántico para abastecer o noso mercado; favorecendo o monocultivo e a especialización agraria de grandes extensións para o seu posterior traslado a miles de quilómetros de distancia da súa orixe.

Estas prácticas son completamente contrarias á descarbonización, á protección da biodiversidade animal e vexetal, á defensa da soberanía alimentar e á promoción do consumo dos produtos de proximidade e de tempada.

É preciso tamén destacar que os cultivos e cría de gando son realizados en condicións produtivas moi diferentes, co uso permitido de pesticidas e praguicidas, fitosanitarios, antibióticos, hormonas e pensos, nos que non se aplican os mesmos estándares nin controis que no interior da Unión Europea.

Tamén é preciso ter en conta que as condicións laborais que, en moitos casos, padecen as traballadoras e os traballadores aos que non se lles garante salarios e condicións dignas.

Porén, Galiza debe propoñer un modelo global de produción máis sostible, fomentando o consumo de produtos locais e sen transporte, os chamados de “km 0” e limitando a importación de produtos non necesarios de forma masiva, esixindo o

	IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Fecha y Hora	04/02/2026 14:23:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Página	15/26



cumprimento de certos mínimos ou estándares dos produtos para asegurar tamén a igualdade competitiva dos/as produtores/as e gandeiros/as da Galiza.

Recentemente o ministro de Agricultura do Goberno do Estado, Luís Planas, pediu a ratificación urxente deste acordo de libre comercio, tan funesto para Galiza. O acordo comercial aínda é provisional e debe ser aprobado polo Parlamento Europeo, en votación prevista en sesión plenaria neste mes de xaneiro.

Ante esta situación, dende o grupo provincial do BNG evidenciamos a nosa absoluta preocupación sobre a actitude do goberno da Xunta do PP, que vota nunha dirección en todos os órganos de representación política nos que está presente; e expresa a posición totalmente contraria de cara aos medios, evidenciando un descaro e desvergonza absolutas e un desprezo cara os gandeiros/as que están a manifestarse estas semanas por toda a xeografía galega defendendo o seu xeito de vida.

Pola súa parte, a conselleira de Medio Rural da Xunta de Galiza só se limitou a dicir que teñen solicitado ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a convocatoria dunha conferencia sectorial urxente para tratar de esclarecer o impacto que o Acordo da UE-Mercosur vai ter no eido primario. Palabras pouco alentadoras da responsábel de Medio Rural ante un acordo UE-Mercosur que afectará gravemente ao sector máis estratéxico e vital da provincia de Lugo, o sector primario, tanto nas comarcas do interior como da montaña lucense.

Por todo isto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes

Acordos

1.- Expresar o absoluto rexeitamento por parte da Deputación Provincial de Lugo ao Acordo UE-Mercosur.

2.- Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado a manifestar publicamente a súa oposición ao Acordo UE-Mercosur polas graves repercusións que terá para o sector agrogandeiro galego.

3.- Transmitir este rexeitamento do Acordo UE-Mercosur ao Congreso dos Deputados, ao Parlamento Europeo e á Comisión Europea.

4.- Manifestar o apoio aos actos de reivindicacións lexítimas e de protestas xustas dos diferentes colectivos asociativos agrogandeiros no rexeitamento ao

	IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Fecha y Hora	04/02/2026 14:23:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Página	16/26





Acordo da UE-Mercosur na defensa do sector primario lucense e por extensión de toda Galiza.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. Armando Castosa Alvariño, D. Héctor Manuel Corujo González e D. José Demetrio Salgueiro Rapa, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 3 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 10 (emitidos polos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e polo señor deputado non adscrito); abstencións, 12 (emitidas polos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta declara rexeitada a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260127&punto=6>

7º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR EN DEFENSA DO SECTOR PRIMARIO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial Popular en defensa do sector primario

Exposición de motivos

A próxima sinatura do acordo comercial entre a Unión Europea e o Mercosur está xerando unha serie de reivindicacións e manifestacións de gandeiros e agricultores en toda España, tamén en Galicia. Desde o Grupo Popular defendemos os intereses do noso sector primario, tal e como fixemos sempre, e por suposto estaremos ao seu lado neste asunto.

Galicia sempre defendeu ante o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a existencia de salvagardas específicas para o sector primario, co obxectivo de que todo

	IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Fecha y Hora	04/02/2026 14:23:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Página	17/26



produto foráneo cumpra coas mesmas garantías e requisitos que, seguindo as normativas comunitarias, lle son esixibles aos nosos produtores para poder comercializar. Non se pode permitir unha competencia desleal que poña en perigo o futuro do sector.

Neste sentido, nos últimos días estamos escoitando, con preocupación, algunhas declaracións do lado do Mercosur que xeran dúbidas sobre a implantación das cláusulas de salvagarda incorporadas para o sector primario dentro do acordo. Cláusulas que debería defender con máis firmeza o Goberno de España, dado que son unha liña vermella para chegar a poñer en marcha o seu desenvolvemento. A maiores, se finalmente entra en vigor este acordo, é fundamental extremar os controis de fronteira que debe realizar o Goberno central.

A maiores disto, outra preocupación de gandeiros e agricultores que tamén compartimos é as peticións de simplificación e redución da burocracia arredor da Política Agraria Común, especialmente agora que está en proceso de debate e aprobación o novo Marco Financeiro Plurianual 2028-2034. É imprescindible que Europa se dote dunha PAC forte, con fondos suficientes e diferenciados, posto que esta será a maneira de apostar polo relevo xeracional e o desenvolvemento rural en todos os estados membros, especialmente relevante nunha comunidade como a nosa.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte

Proposta de acordo

O Pleno da Corporación Provincial de Lugo acorda:

- 1.- Manifestar o apoio explícito ao sector primario galego na defensa dos seus intereses ante o acordo entre a Unión Europea e os países do Mercosur.
- 2.- Esixir ao Goberno de España que protexa o sector primario, defenda as cláusulas de salvagarda no acordo de libre comercio entre a Unión Europea e Mercosur ante posibles ameazas e garanta e intensifique os controis de fronteira co fin de que os produtos agroalimentarios de terceiros países que pretendan comercializarse no mercado comunitario cumpran os mesmos estándares de calidade, sanidade e benestar animal que os esixidos na Unión Europea.
- 3.- Instar á Xunta de Galicia a reclamar ante o Goberno de España estas peticións e a seguir intensificando as medidas de apoio ao sector primario, especialmente no ámbito da sanidade animal, a prevención de enfermidades, as compensacións por perdas e o control da fauna salvaxe que afecta ás explotacións.

	IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Fecha y Hora	04/02/2026 14:23:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Página	18/26





4.- Facer unha fronte común desde Galicia para reclamar unha nova Política Agraria Común con fondos suficientes e diferenciados, que permita asegurar as axudas directas a gandeiros e agricultores para promover a remuda xeracional e, ao mesmo tempo, asegurar un adecuado desenvolvemento rural.”

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención do señor Presidente da Comisión D. Efrén Castro Caloto, dos señores/as Deputados/as D^a. María Sol Morandeira Morandeira, D. Francisco Cajoto Caserío, D. Pablo Rivera Capón, representantes do Grupo Provincial Socialista, e do señor deputado non adscrito, D. José Tomé Roca, acorda informar favorablemente a moción presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 3 (emitidos polos señores/as deputados/as do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 10 (emitidas polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e polo señor deputado non adscrito). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260127&punto=7>

8º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA ESIXIR Á DEPUTACIÓN DE LUGO A INMINENTE POSTA EN MARCHA DO CENTRO DE DÍA E RESIDENCIAL COMARCAL DE BECERREÁ EN IDÉNTICAS CONDICIÓN DE SERVIZO E PREZO QUE O RESTO DE CENTROS DA REDE PROVINCIAL.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial Popular para esixir á Deputación de Lugo a inminente posta en marcha do centro de día e residencial comarcal de Becerreá en idénticas condicións de servizo e prezo que o resto de centros da rede provincial.

O Centro de Atención a Maiores comarcal de Becerreá acumula preto de 10 anos de atrasos na súa posta en marcha dende o acordo inicial asinado o 27 de xuño de 2016 polo presidente da Deputación, a portavoz do Grupo Provincial Popular, o portavoz

	IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Fecha y Hora	04/02/2026 14:23:19	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Página	19/26	

do Grupo Provincial Socialista e o deputado non adscrito relativo á aprobación definitiva do Orzamento Xeral da institución para o ano 2016 que recollía, entre outras cuestións, o compromiso de levar a cabo no concello de Becerreá un proxecto para dotar á comarca dunha residencia e centro de día.

Nese mesmo ano, o 19 decembro, os representantes da institución provincial e do Concello subscribían un convenio para a execución dos fins comúns consistentes na demolición de edificación do antigo fogar escola e construción e xestión dun centro de día e residencial comarcal en Becerreá por valor de 5.415.326,89€. O propio convenio establecía que, no caso de producirse baixas na licitación, a Deputación de Lugo estaba obrigada a aplicar os remanentes, entre outros fins, a equipar, co mobiliario esixido pola normativa aplicable, o centro de día e residencia.

Efectivamente, produciuse un remanente á baixa da adxudicación de 1.318.7981,98€; pero a pesar de que a infraestrutura leva 4 anos rematada, continúa sen dispoñer de mobiliario e sen prestar os servizos para os que foi proxectada privando aos veciños e veciñas de Becerreá e a súa comarca de 96 prazas de residencia, 40 de centro de día medio cento de postos de traballo.

Foron moitas as promesas e tamén os cambios de opinión ata que o goberno provincial presentou na sesión plenaria celebrada o 25 de febreiro de 2025, a “Proposta da actividade económica e do réxime xurídico do Centro de Atención a Persoas Maiores de Becerreá”, que recolle non só a privatización dos servizos, senón tamén un incremento do prezo da praza para persoas dependentes en preto dun 60% con respecto ao resto das CAM da rede provincial.

Todo isto motivou o rexeitamento dos veciños e veciñas e do Partido Popular que no propio Salón de Plenos pediu a equiparación das condicións deste centro co resto de centros da rede provincial. O Grupo Provincial Popular, na mesma liña, presentou alegacións en tempo e forma que foron desestimadas polo goberno provincial. Meses despois, o 16 de decembro de 2025, a Deputación de Lugo publica na Plataforma de Contratación del Sector Público a consulta preliminar de mercado para a preparación do expediente de contratación da concesión de servizos do Centro de Día e Residencial comarcal de Becerreá sen poñer data real á licitación e apertura efectiva do centro.

O informe realizado por unha consultora externa no marco da consulta preliminar de mercado fai referencia, entre outros factores, a un índice de envellecemento da poboación da comarca dos Ancares por riba da media galega cunha pensión media de 1.014,99€ ao mes. Polo tanto, parece inviable que unha poboación con esta pensión media poida facer fronte aos custes por praza e usuario que se plantexa no

	IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Fecha y Hora	04/02/2026 14:23:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Página	20/26





procedemento de licitación: 2.200€/mes para os usuarios dependentes e 1.750€/mes para os usuarios autónomos.

De todo o procedemento despréndese que a intención do goberno provincial é dilatar a apertura do centro e privatizar os servizos na súa totalidade de forma que sexan os usuarios os que soporten a posta en marcha e o custe total do servizo por parte do operador.

Despois de anos enredando cremos que é o momento de reflexionar e tomar as medidas necesarias para abrir a residencia de Becerreá en idénticas condicións ás outras nove residencias da rede provincial que están en marcha garantindo para os usuarios exactamente os mesmos servizos e os mesmos prezos por usuario que o resto de CAMs provinciais.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte

Proposta de acordo

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao equipo de goberno provincial a revisar de xeito inminente a tramitación para a posta en marcha do Centro de Día e Residencial Comarcal de Becerreá no primeiro semestre do ano garantindo aos seus usuarios idénticas condicións de servizos e tarifas que no resto de centros da rede provincial.”

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención do señor Presidente da Comisión D. Efrén Castro Caloto, dos señores/as Deputados/as D^a. María Sol Morandeira Morandeira, D. Francisco Cajoto Caserío, D. Pablo Rivera Capón, representantes do Grupo Provincial Socialista, e do señor deputado non adscrito, D. José Tomé Roca, acorda informar favorablemente a moción presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e polo señor deputado non adscrito). Polo que a señora Presidenta declara rexeitada a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260127&punto=8>

	IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Fecha y Hora	04/02/2026 14:23:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Página	21/26



PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

9.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao trinta de decembro de dous mil vinte e cinco, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 6298 ao 7001 e cuxas copias foron remitidas aos Grupos Políticos Provinciais.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260127&punto=9>

10.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE VICEPRESIDENTE.

Dáse conta da Resolución de Presidencia relativa ao nomeamento de Vicepresidente.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260127&punto=10>

11.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO

Dáse conta da Resolución de Presidencia relativa ao nomeamento de membros da Xunta de Goberno.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260127&punto=11>

12.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE DEPUTADOS DELEGADOS E ÁREAS DE GOBERNO.

Dáse conta das Resolucións de Presidencia relativas ao nomeamento de deputados delegados e Áreas de Goberno.

	IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Fecha y Hora	04/02/2026 14:23:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Página	22/26





O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260127&punto=12>

13.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE A CONSIDERACIÓN COMO DEPUTADO NON ADSCRITO DE DON JOSÉ TOMÉ ROCA.

Dáse conta da resolución da Presidencia sobre a consideración como deputado non adscrito de don José Tomé Roca.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260127&punto=13>

14.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE CESES E NOMEAMENTOS DO PERSOAL EVENTUAL

Dáse conta das resolucións da Presidencia sobre ceses e nomeamentos do persoal eventual.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260127&punto=14>

15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260127&punto=15>

16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

A Presidenta manifesta que foron presentados dous Rogos e dúas Preguntas por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

R O G O S

Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo á seguridade viaria na LU-P-5701, do seguinte teor:

	IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Fecha y Hora	04/02/2026 14:23:19	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Página	23/26	

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

As deficiencias nas vías de titularidade da Deputación de Lugo son habituais na rede provincial. Un exemplo é a vía LU-P-5701, que comunica Sarria coa parroquia de Céltigos onde se sitúan empresas e explotacións gandeiras.

Despois de que o Grupo Provincial Popular tivera trasladado ante o Pleno, en varias ocasións, as queixas dos veciños e veciñas polo seu mal estado; acometéronse algunhas actuacións na vía. Pero o resultado foi deficiente toda vez que nos días de calor do pasado verán se derretía o asfalto producindo molestias aos vehículos ao seu paso pola zona e facéndoa case intransitable a pé.

Recentemente tanto os veciños e veciñas como as persoas usuarios teñen manifestado o seu descontento polo mal estado do tramo desta vía provincial que resta por rehabilitar.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

A Deputación de Lugo complete a mellora da totalidade da estrada LU-P-5701 garantindo a correcta execución e acabado das actuacións e a seguridade das persoas usuarias da vía.”.

Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, en relación co mantemento e poda das árbores das vías provinciais, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

A falta de mantemento e de poda das árbores das marxes das vías provinciais xera queixas por toda a provincia. Un dos casos é a estrada do río Rato, a LU-P-2925, no municipio de Lugo.

As pólas que invaden parte do espazo das distintas vías provinciais provocan golpes nos camións, autobuses ou vehículos de maior gálibo e a caída de ramas das árbores sobre a calzada, especialmente cos temporais de vento, choiva ou neve, son algunhas das situacións que supoñen riscos para a seguridade dos usuarios da rede de estrada da Deputación de Lugo.

	IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Fecha y Hora	04/02/2026 14:23:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Página	24/26





Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

Acometa debidamente os traballos de mantemento e poda das árbores das marxes das vías provinciais para evitar posibles riscos para a seguridade dos usuarios da rede viaria provincial.”

PREGUNTAS

Primeira.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ás bases das axudas do Servizo de Cultura, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

A Deputación de Lugo aprobaba nunha sesión recente da Xunta de Goberno a declaración da perda do dereito ao cobro de subvencións en réxime de concorrência competitiva destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais e tamén as destinadas á realización de actividades de interese cultural, en ambos casos, por asociacións culturais da provincia de Lugo na anualidade 2024.

O Grupo Provincial Popular xa tiña advertido da necesidade de revisar as bases porque están a provocar un elevado número de renuncias ou perdas do dereito a cobro, como se observou xa nas xuntas de goberno.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Ten previsto o goberno provincial estudar a modificación das bases das axudas de Cultura para que sexan máis claras e sinxelas de cara a intentar evitar a alta porcentaxe tanto de renuncias como de perda do dereito ao cobro das mesmas? ”

Segunda.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa á construción da residencia e centro de día da terceira idade de Folgoso do Courel, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

A Deputación de Lugo e o Concello de Folgoso do Courel subscribían en agosto do 2018 un convenio de cooperación para a construción da residencia e centro de día da

	IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Fecha y Hora	04/02/2026 14:23:19	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Página	25/26	

terceira idade no municipio que expirou o pasado mes de decembro de 2025 sen que o goberno provincial teña cumprido coas obrigas e compromisos adquiridos pola Deputación Provincial.

O Concello de Folgoso do Courel, pola súa parte, formalizou a cesión da parcela en decembro do 2019, comprometeu a achega dos 200.000€ no orzamento municipal do 2020 e concedeu a licencia urbanística en xaneiro do 2022, pouco despois de ser solicitada e obter informes favorables.

Ante a falta de avances por parte do goberno provincial, a alcaldesa ten solicitado formalmente reunións para facer seguimento do estado de tramitación do obxecto do convenio. E en decembro do 2022, o deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera, comunicaba que estaban pendentes de adaptar os prezos á realidade do mercado para poder sacar o proxecto a licitación das obras de construción.

Dende entón non se coñeceu ningún novo paso para cumprir cos veciños e veciñas de Folgoso do Courel e, incluso, o Grupo Provincial Popular formulaba unha pregunta ao goberno provincial no Pleno de marzo de 2025 sobre o prazo no que prevía reiniciar o proceso á que o deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social respondía: “tan pronto como sexa posible”

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260127&punto=16>

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte e seis minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

A PRESIDENTA,

O SECRETARIO,

	IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Fecha y Hora	04/02/2026 14:23:19	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RU2CJFD6ZUVJDC5PVN4QPDY	Página	26/26	